

Boas a todas e todos,

Observo que na tarefa 1 están custando algúns dos exercicios, así que aclaro algúns puntos.

Nos pasos 3 e pasos 5 se pide que se indiquen os descritores operativos relacionados co obxectivo.

- Se trata de indicar únicamente os descritores que aparecen no currículo da área/materia. Non hai que inventar nada nen facer nós unha selección dos que creamos que están vinculados co obxectivo. O currículo establece as relacións mínimas que se establecen entre os obxectivos e as competencias clave a través dos descritores operativos, e toda esa información aparece no currículo e no Anexo I do proxecto de Decreto. O obxectivo deste exercicio é manexar os elementos curriculares e entender a relación que se establece entre eles.
 - Polo tanto, como debemos proceder nesta parte da tarefa?
1. 1. En cada bloque da área/materia, aparecen os criterios de avaliación (CA) e, á dereita de cada un deles, o obxectivo (OBX) principal co que se relaciona. Poño unha pantalla dunha materia de exemplo:

1º curso	
Bloque 1. Proxecto científico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	OBX1

1. 2. Polo que se observa nese exemplo, o CA1.1. relaciónase co OBX 1 da materia. Os obxectivos os atopades un pouco antes, na epígrafe anterior dese currículo. Os obxectivos van acompañados duns párrafos descritivos, pero o que nos interesa para este exercicio é a frase do obxectivo.

OBX1. Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.

1. 3. Agora hai que buscar as relacións dese OBX (e por extensión do CA1.1.) coas competencias clave e os seus descritores. Neste caso, temos que ir á epígrafe "Orientacións pedagóxicas" do currículo. Alí atopamos unha táboa que relaciona os obxectivos coas competencias clave. Os números que aparecen en cada unha das caixas, son os descritores operativos das competencias clave (na tarefa teredes que recompilar o texto de todos os descritores dese obxectivo... non son para que o profesorado os elixa de entre os que se indican; esa posible elección entre eles está pensada para que

a fagades no paso 4 cando describades brevemente a forma de levar ao proceso de ensino o CA).

da materia	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-5		4	2-3				4

Neste caso, o obxectivo 1 (OBX1) relaciónase coa competencia en comunicación lingüística, coa competencia STEM, coa competencia dixital e coa competencia en conciencia e expresión culturais. E de cada competencia clave, cuns determinados descritores. No caso da competencia en comunicación lingüística, os descritores serían o 1, o 2 e o 5.

4. Agora hai que atopar eses descritores e o seu texto. Neste momento hai que empregar o Anexo I do anteproxecto de decreto co que esteades a traballar (ed. infantil, ed. primaria, ESO ou BAC) . No Anexo I titulado “Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico” e aí é onde se relacionan as competencias, estas se definen e é onde aparecen os indicadores correspondentes. Cada competencia clave ten os seus descritores nunha táboa de dúas columnas (Nos proxectos de Decreto de primaria e de ESO na columna esquerda aparece os descritores das competencias clave para a ed. primaria e no lado dereito os descritores ao finalizar o ensino básico; no proxecto de BAC, na columna esquerda aparece o ensino básico e na dereita os descritores de bacharelato).

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.	CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.
CCL2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento.	CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido	CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira pro-

Outra aclaración respecto do último exercicio:

- No paso 5 se pide **un CA novo cos seus contido/s**. Non se trata de buscar no currículo outro CA xa existente; o obxectivo deste exercicio é aprender a entender as partes dun CA e a súa forma de redacción. Podedes redactar un CA que consideredes que pode ser interesante e non está recollido no currículo, un CA que botaes en falta, neste exercicio hai liberdade para que introduzas un CA hipotético. Despois de redactado hai que buscar o posible encaixe curricular elixindo o obxectivo co que se relaciona e volvendo a analizar os descritores dese obxectivo.

Espero que vos sirvan de axuda estas aclaracións. Se tedes dúbidas, empregade este foro... entre todas e todos, poderemos solucionar os atrancos que teñamos...

Moito ánimo e seguimos!